Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOP
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETIN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
D.L.: C-1-1958
XOVES, 15 DE XUÑO DE 2023 JUEVES, 15 DE JUNIO DE 2023 | BOP NÚMERO 113

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### ABEGONDO

*Aprobación definitiva taxa auga*

**Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga potable**

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

O Concello Pleno, na sesión ordinaria realizada o 19 de novembro de 2022, acordou a aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga potable.

O anuncio da aprobación inicial foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP núm. 47) do 09/03/2023 e no taboleiro municipal de anuncios por un prazo de trinta días, sen que se producisen reclamacións.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda elevado a definitivo o acordo plenario inicial, cuxo texto íntegro dos artigos modificados faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

Os artigos 7 e 8 da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de abastecemento de auga queda redactado como segue:

Artigo 7.

A. TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECEMENTO

**A.1. Doméstico e comercial:**

— Cota fixa mensual: 4,025 €/ab. mes

— Por consumo: 0,250 €/m³

**A.2. Industrial e obras:**

— Cota fixa mensual : 5,034 €/ab. mes

— Por consumo: 0,250 €/m³

**A.3.- Cota de conservación de acometidas de abastecemento**

· Cota mensual: 0,408 €/ab. mes

B. REALIZACIÓN DE ACOMETIDAS E ENGANCHES

**B.1. Prezo de acometidas de abastecemento**

| | | Prezo unitario |
|---|---|---|
| Acometida de | 1": | 501,92 €/ud. |
| Acometida de | 1¼" | 552,12 €/ud. |
| Acometida de | 1½" | 607,35 €/ud. |
| Acometida de | 2" | 668,04 €/ud. |

**B.2. Taxa de enganche**

- Para edificios cunha soa vivenda está incluído no prezo da acometida.
- Para edificios con baixo e planta usados de forma independente e unha soa acometida
  - O primeiro enganche está incluído dentro do prezo da acometida
  - O segundo enganche: 273,74 €.
- Para edificios con varias vivendas ou locais comerciais e unha soa acometida
  - Por cada vivenda ou local comercial: 273,74 €.

Número de anuncio 2023/4674

**B.3. Acometidas de maior lonxitude**

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición que se vai realizar na gabia.

Para as acometidas de máis de 5 m (entre 5 e 10 m) terase un prezo por metro de exceso. Para maiores distancias farase un orzamento en cada caso, resultando o custo inferior ao prezo unitario por metro.

| Acometidas de máis de 5 mts. | ¾" | 1" | 1½" | 2" |
|---|---|---|---|---|
| (A) incremento € por m. | 11,46 | 13,45 | 19,19 | 32,15 |
| (B) incremento € por m. | 25,25 | 27,25 | 32,94 | 45,95 |
| (C) incremento € por m. | 30,42 | 32,24 | 37,97 | 50,96 |

**B.4. Cambio de titular e taxa de alta**

1. Cambio do titular

   Por cada cambio de titular, previa autorización do Concello: 54,77 €.

2. Taxa de alta

   Por taxas administrativas por todos os conceptos: 45,64 €

**B.5. Xestión de cobro a impagados**

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago: 4,93 €/ud

**B.6.-Desprecintado de contador**

Por desprecintado de contador: 22,21 €/ud.

**B.7. Precintado de contador**

Por revisión de instalación, precintado de racores, lectura inicial, de contadores non instalados por persoal do servizo: 22,21 €/ud.

**B.8. Comprobación de contador do abonado con contador patrón**

Por petición do abonado, comprobación da medición do seu contador con contador patrón: 22,21 €/ud.

**Artigo 8**

**CONTADORES**

**1.1. INSTALACIÓN EN BATERÍA DE CONTADOR OU SIMILAR**

- Chave de paso
- Válvula antirretorno
- Pezas de conexión

- **Prezo contador instalado**
- Contador de 13 mm: 92,18 €/ud.
- Contador de 15 mm: 92,18 €/ud.
- Contador de 20 mm: 135,32 €/ud.

**1.2. INSTALACIÓN EN FORNELA DE POLIÉSTER**

- **Prezo contador instalado sobre parede con fornela de poliéster**
- Contador de 13 mm: 150,87 €/ud.
- Contador de 15 mm: 150,87 €/ud.
- Contador de 20 mm: 201,85 €/ud.

**1.3. CONTADOR DIÁMETRO SUPERIOR A 20 MM.**

Farase orzamento para cada caso.

Número de anuncio 2023/4674